

PROXECTO ZERO

Tempo estimado de lectura: 3 min

Autor: **Asociación Española Contra el Cáncer** e **Lo que de verdad importa**



É unha iniciativa dedicada á formación e empoderamiento de todos os mozos e mozas de España, co obxectivo de **crear a Primeira Xeración Libre de Tabaco** para o 2030.

O proxecto é o primeiro programa gratuito onde forman a líderes dunha causa, centrado en mozos de entre 15 e 21 anos, ofrecéndolles **formación específica** sobre o tabaquismo, habilidades de liderado, comunicación e innovación.

Por que o Proxecto Zero céntrase nesas idades?

Porque son conscientes de que a xeración Z é a ideal para liderar o cambio, xa que teñen ese espírito inquieto e a necesidade de marcar a diferenza.

Ademais, esta experiencia non so transformará a vida dos participantes, senón tamén das xeracións futuras.

De que trata o programa?

- Creación dunha comunidade de 60 mozos e mozas de gran talento e cunha gran misión.
- Formación en liderado, innovación e comunicación da man de expertos.
- Emprego de metodoloxía de innovación Lombard Design Doing de Silicon Valley.
- Participación na xeración de propostas para a "Primeira Xeración libre de tabaco".
- Obtención da certificación oficial da metodoloxía de innovación Lombard Design Doing.
- Participación nunha experiencia con propósito social, onde as ideas dos compoñentes da comunidade serán presentadas nas institucións, parlamentos, entidades e outros organismos.

Queres formar parte do Proxecto Zero? Accede ao seguinte ligazón
<https://proyectozero.loquedeverdadimporta.org/>

